

## **GRUPO DE INNOVACIÓN DOCENTE RIME**

### **RIME: Grupo de Innovación Docente Reflexión, Innovación e Mellora Educativa**

Coordinadora: Almudena Alonso Ferreiro

Membros: María Ainoa Zabalza Cerdeiriña, María Isabel Doval Ruíz, Abraham Bernárdez Gómez, Carla María Míguez Álvarez, Marcos Loureiro García

A iniciativa de crear o GID xorde da necesidade constatada por un grupo de docentes de diferentes departamentos e títulos de Educación da Uvigo de axuntar esforzos no fomento da aprendizaxe participativa, activa e reflexiva tanto do alumnado como do PDI dos graos de Educación. A proposta ten como eixos as boas prácticas docentes e os REAs debido á necesidade dunha reflexión sobre as posibilidades e requirimentos pedagóxicos destas innovacións, á súa avaliación crítica e reflexiva e á súa transferencia. Mediante a presentación aos estudantes de casos de innovación do seu futuro laboral próximo, permitírase unha aprendizaxe reflexiva, baseada na experiencia e contextualizada na realidade, realizando unha aproximación da teoría e a práctica. Ambos constitúen un reto na educación e a proposta permitirá crear sinerxías e enriquecer o proceso de e-a colaborativo, no marco dunha facultade que conta cos distintivos de igualdade e galeguización.

#### **Obxectivos principais:**

- Promover entre docentes e estudantado a reflexión conxunta sobre o traballo baseado nas Boas Prácticas Educativas, no eido da innovación e mellora docente.
- Desenvolver propostas de innovación educativa baseadas no deseño, elaboración e avaliación de REAs (Recursos Educativos Abertos)
- Afondar no emprego de metodoloxías activas (aprendizaxe cooperativa, gamificación, Aprendizaxe baseada en proxectos, e-portfolio) na docencia nas aulas, para mellorar a motivación do alumnado e facilitar que as interioricen para a súa futura práctica docente.
- Promover a transferencia das iniciativas de innovación e boas prácticas levadas a cabo nas aulas.

#### **Liñas Prioritarias da Innovación**

Liña 1- Metodoloxías activas: flipped learning, aprendizaxe por proxectos, aprendizaxe colaborativa, resolución de problemas, estudo de casos, gamificación, cartafol do estudantado e outros

Liña 4:-Integración de recursos tecnolóxicos.

Liña 5:-Motivación do alumnado.

#### **Resultados esperados:**

Co traballo neste GID pretendemos construír coñecemento sobre o ensino e a aprendizaxe na universidade. Mellorar a nosa práctica docente así como a aprendizaxe do alumnado dos graos de educación sobre os procesos de ensino-aprendizaxe, considerando diversas metodoloxías activas que poidan levar á aula no seu futuro profesional. Tentamos apoiar procesos de aprendizaxe significativos e actuados por parte do alumnado, baseados en boas prácticas que teñan en conta os principios de inclusión e DUA así como a reflexión sobre a avaliación e a mellora da educación. Outro resultado esperado incluíría a divulgación dos REA creados para e nas materias en repositorios educativos de acceso aberto. Esta acción permitirá achegar o traballo

realizado nas aulas a outras persoas da comunidade educativa co impacto social e a aprendizaxe significativa que isto xera.